

MESA XERAL DE ORZAMENTOS (19/11/2020)

LEI DE ORZAMENTOS:

UGT denuncia o envío ás 21hs do día anterior á reunión, do borrador de Lei de Orzamentos, Título II de gastos de persoal, sen respectar uns prazos mínimos. A Dirección Xeral de Orzamentos e da de Función Pública expoñen que:

- Contempla un incremento económico que pretende o reforzo dos ámbitos sanitario, da atención sociosanitaria e da educación a través do Capítulo I cun 6,83% sobre 2020, o capítulo I ascende a 4.305 millóns de euros o que supón case que un 40% sobre total do orzamento. O **incremento destínase a:**
 - **Subida salarial estatal do 0,9%, carreiras de Sergas, Administración Xeral e Xustiza, Acordo de ensino e de Axentes Medioambientais, e conversión dos fixos descontínuos de Medio Rural de 9 en 12 meses.**
 - **Reforzos de contratación temporal COVID:** 46,2 millóns para Ensino, 117 para Sanidade e case 20 millóns para o ámbito sociosanitario.
- A **taxa de reposición**, irá ao que finalmente se estableza no Estado, que segundo indican será do **110%**.
- **Desenvolverase o Acordo de concertación**, están convocadas aproximadamente sobre 5.000 prazas no ámbito da Administración Autonómica.
- A **recuperación do Fondo de Acción Social**, existe **norma básica que o impide**.
- **Non se entrega** a documentación de **Disposicións adicionais**, que anuncian contemplan o **mantemento da suspensión dos artigos do V Convenio, como anos anteriores**.

FESP-UGT CONSIDERA:

Solicitamos aclaración: do incremento do 6,83% capítulo I, **canto é o incremento real do persoal estrutural** descontando o gasto extraordinario de reforzos e dicir, **canto sube en realidade a masa salarial** dos empregados e empregadas publicas da Xunta de Galicia? **O incremento real é do 2,3%. 93 millóns de incremento, o resto son 283 millóns reforzos temporais COVID.**

Os acordos aos que se fai referencia xenérica e refiren que se cumpriran, teñen **materias por desenvolver**, entre outros, cuestións que xa están aprobados en Comisión de Persoal (xullo 2020) como a **extensión da carreira profesional ao persoal interino e temporal**, así como o **tratamento de xornadas penosas e compensación de domingos e festivos**. Consideramos que a **Lei de orzamentos debe ser garante do Acordo de concertación asinado por UGT**.

UGT reitera, como todos os anos, a petición da **recuperación das pagas extras do persoal funcionario**, a **recuperación progresiva do Fondo de Acción Social**, **cumprimento do Acordo 2018-2020** e **continuar a recuperación progresiva de dereitos, salario e emprego nun segundo Acordo de concertación**, posto que hai recuperacións pendentas.

UGT reitera a petición de **eliminación da taxa de reposición** ao igual que o fixemos no ámbito estatal e levamos facendo anos, **reiteramos a diminución de rateos de persoal en ensino**, e **lamentamos que recoñezan tan tarde que tiñamos razón cando non asinamos o plan de estabilidade de Sergas porque faltaban 3500 prazas**, tres anos despois o **Presidente ven de recoñecer que faltaban ese número de prazas e que están en precario fora de estrutura**.

FESP – UGT	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
San Caetano	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
A Coruña	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@fesp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@fesp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

UGT considera que os **fondos e plans de reconstrución deben contemplar o reforzamento dos servizos públicos** e que **empregadas e empregados públicos sigan recuperando salario, emprego e dereitos**. Nos orzamentos non visualizamos que se nos teña en conta.

UGT solicita **aclaração da conversión do persoal Fixo Descontínuo de 9 a 12 meses** e a súa cuantificación, o DXFP responde, que como **estaba previsto no Acordo**, financiase con aproximadamente **2 millóns de euros**, o **resto de prazas de 9 meses irán á negociación da OPE do presente ano**, xa como prazas de funcionario, o persoal que non se funcinarice quedará coas condicións que está actualmente, tal e como establece o Acordo.

LEI DE MEDIDAS:

Realizadas as alegacións ao documento de Lei de medidas, remitido o venres pasado, o DXFP explica algunhas modificacións sobre o documento, en base as alegacións que achegamos as organizacións sindicais, comentan que mañá remitirán a cada organización a resposta ás mesmas. **UGT esperamos a ter a resposta escrita para valorar e emitir opinión**, realizaremos información detallada do seu contido.

Podes consultar as nosas alegacións no seguinte enlace:

http://galicia.fespugt.es/images/Alegacions_LM_so_artigos_alegados.pdf

VARIOS:

- Hoxe remitiran, ás OOSS, **convocatoria para o próximo martes** para a **negociación da adaptación de estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, tal e como está recollido no Acordo asinado por **UGT, CCOO e CIG**.
- A semana que ven comezará a negociarse a OPE 2020 e se aprobará en 2 semanas aproximadamente.
- Eleccións de destino, telemáticas, provisionais previstas para o **vindeiro día 23** será na seguinte orde:
 - A1 PI
 - A1 PL
 - A2 PI
 - A2 PL
 - C2 PI
 - C2 PL
 - A C2 sairán todas as que tamén están abertas a A2 e queden sen cubrir
- Proceso de Gardacostas: (non se dá data)
 - Elección destino definitivo
 - Todas as prazas non ocupadas no concurso

 **HAI QUE REPARAR O DANO**